

Exercicio:

Para recordar...

Lembras cantos GDR hai en Galicia?

Lembras cal é o GDR do noso territorio?

Lembras o nome do “plan” que seguen os GDR?

Lembras que é o que queren conseguir os GDR?



Unidade

7

Os grupos de desenvolvemento rural e a medida Leader

www.creandorural.org




Os grupos de desenvolvemento rural e a medida Leader

Os Grupos de Desenvolvemento Rural son:

Asociacións sen ánimo de lucro nas que participan entidades dun territorio determinado (concellos, outras asociacións e colectivos, a sociedade en xeral, comunidades de montes, etc.) para deseñar accións e actividades de desenvolvemento do territorio.

Na actualidade en Galicia contamos con **24 GDR** dos cales o noso é o **GDR 14**.



O GDR 14, aplica esas accións seguindo un “plan” ou “programa”, chamado **“Medida Leader Galicia 2014 – 2020”**. Para conseguilo, conta coa axuda da Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Rural e da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).

As persoas beneficiarias da

Medida Leader Galicia 2014-2020

poden solicitar axudas para proxectos relacionados con:



Mellorar a calidade de vida das persoas que viven neses territorios.

Favorecer a ocupación do territorio sobre todo con colectivos desfavorecidos.

Crear máis emprego

Favorecer a participación da sociedade.

Garantir a sostibilidade e a eficiencia enerxética

Alguns exemplos de proxectos subvencionados pola Medida Leader son:

- Modernización dun invernadoiro
- Plantación de froitos do bosque
- Recuperación ambiental dunha ferverza
- Centro de servizos para persoas con discapacidade
- Tapería Rural

Se queres consultar as axudas que ofrece a Medida Leader, entra en:

www.creandorural.org